



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA CONTRIBUIR A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Con data 18 de maio de 2020, a Secretaría Xeral da Emigración asinou un convenio de colaboración co Hogar Español de Ancianos de Montevideo, Uruguai.

Na cláusula primeira do mencionado convenio sinálase o seu obxecto, que é o de establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír á prestación de asistencia aos cidadáns galegos que residen no Hogar Español de Montevideo, que por razón de carencia ou de dependencia se atopan en situación de necesidade e non poidan afrontar o custo da súa estancia.

Na cláusula terceira do convenio establécese unha achega económica da Secretaría Xeral da Emigración por un importe global de corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

O Hogar Español de Montevideo é unha sociedade civil de beneficencia fundada hai máis de 50 anos por emigrantes españois, na súa gran maioría galegos, destinada a acoller aos anciáns da colectividade que se atoparan soos, desamparados de familiares ou con graves carencias de recursos. Na actualidade a institución alberga a 163 residentes, dos cales, 92 (56,44%) son nados en Galicia. Esta porcentaxe estase vendo aumentada a cotío debido ao progresivo avellentamento da colonia galega residente en Uruguai, o que orixina, por





unha banda, máis solicitudes de internamento de persoas con maior idade mes a mes e por outra, o maior custo na atención e nos medicamentos que se han de proporcionar.

Ademais a pandemia motivada pola Covid-19, do mesmo xeito que noutros países, obrigou ao Ministerio de Saúde Pública da República Oriental do Uruguai a establecer protocolos especiais de actuación nas residencias de maiores, que implicaron a reordenación da distribución dos residentes, a creación dunha área de illamento, o uso de equipos especiais, as medidas de hixiene, etc, cuxa implantación supuxo un gasto moi importante para a entidade que lle afecta á súa estabilidade económica.

As circunstancias indicadas, e sobre todo o custo das medidas implantadas con motivo da Covid-19, están a crear graves dificultades na financiación prevista na institución para o presente ano, polo que co fin de manter a atención das persoas acollidas é preciso incrementar o importe da achega da Secretaría Xeral da Emigración en 50.000 €.

E por outro lado co fin de dar cumprimento ao previsto no convenio, tendo en conta o contido desta addenda resulta igualmente necesario modificar os prazos de xustificación e de vixencia do convenio contemplados inicialmente.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

